

Nas eleccións de persoal laboral de Servizos Centrais

SÚMATE
AO SINDICALISMO GALEGO
COA CIG ES MÁIS FORTE



Coa CIG somos máis fortes na Administración Pública

O vindeiro 13 de decembro o persoal laboral dos Servizos Centrais da Xunta de Galiza temos unha cita para participar nas nosas eleccións sindicais e elixir o Comité de Empresa que nos vai representar nos vindeiros catro anos.

É o momento no que todas e todos podemos expresar a nosa opinión e participar votando por aquelas persoas que van defender os nosos intereses durante eses catro anos de intenso traballo e de recuperación de todos os dereitos que levamos perdendo nos últimos anos.

Podemos dicir que os obxectivos laborais son todos aqueles que atinxen á traballadora e ao traballador dentro do centro de traballo, aínda que a separación entre os obxectivos laborais e os obxectivos políticos ás veces non está clara, xa que existe un nexo, máis aínda no caso do persoal empregado público, cando o tema salarial se converte nunha decisión de goberno.

Por iso agardamos que participes nesta votación e sexamos quen de loitar en voz ben alta e clara pola recuperación dos dereitos roubados, especialmente para o persoal laboral, e polo restablecemento da nosa dignidade como empregadas e empregados públicos.

Todo aquilo que logramos e todo o que precisamos está feito con traballo. Polo tanto, o traballo é o único valor constante e imprescindible e a clase traballadora a única protagonista activa deste proceso. Sen participación non hai protagonismo da clase obreira, e polo tanto non hai democracia. As traballadoras e traballadores debemos poder opinar e decidir sobre todo o que nos atinxe, non ser simples espectadores.

Por iso a nosa proposta de futuro segue sendo a de traballar para mellorar as condicións do persoal laboral dos Servizos Centrais, a de combater os recortes sen renuncias.

Temos catro anos por diante para a recuperación dos dereitos laborais roubados, a estabilidade do emprego e a negociación dos procesos selectivos, para negociar unha carreira profesional para todas e todos sen exclusión e unha xubilación parcial anticipada e, sobre todo, para recuperar a negociación colectiva.

Hai moito que facer, e farémolo entre todas e todos. Por iso o día 13 de decembro o teu voto é fundamental, e por iso ese día as persoas que formamos parte destas candidaturas pedimos o teu voto para a CIG.

Votacións:

Salón de actos grande do edificio administrativo de San Caetano

Xoves 13 de decembro de 2018, de 10:00 h. A 16:00 h.

SERVIZO DE AUTOBUSES

Co seguinte percorrido: Conxo-Gaiás-Área Central-San Lázaro-San Caetano

De acordo coa lexislación vixente as/os electoras/es gozarán do tempo indispensable para exercer o seu dereito ao voto.



O día 13 de decembro vota CIG!

Liñas da CIG para a recuperación dos dereitos roubados

As propostas da Xunta de Galiza de cara á estabilización no emprego, á mellora das condicións de traballo e á carreira profesional son insuficientes e marxinan ao persoal laboral. Esas propostas baséanse nos mínimos acordados no Estado, que xa se viron superados tanto polos acordos doutras comunidades autónomas e administracións como por acordos máis beneficiosos incluso na Galiza co persoal sanitario ou co persoal docente.

Dende a CIG-Autónomica valoramos a necesidade dunha táboa reivindicativa de liñas básicas que sirvan para loitar pola defensa do establecemento dun servizo público de calidade, pola recuperación dos dereitos roubados e, sobre todo, polo avance na mellora das condicións de traballo, ademais de loitar por unha suba salarial que compense realmente o poder adquisitivo perdido nos últimos anos, e polo aumento do cadro de persoal laboral estable, pola redución e mellor distribución da xornada laboral, e polas medidas reais de conciliación da vida persoal, laboral e familiar.

Na CIG queremos transmitirvos a nosa mensaxe con claridade: non queremos pactos a cachos ou vencellados ao PIB ou acordos de subas salariais futuribles e dubidosas. Na CIG temos unha resposta singular, propoñemos medidas de mellora por enriba do pactado en Madrid e combatemos os recortes sen renuncias.



As nosas propostas van divididas en catro eixes ou liñas de acción:

1. Recuperación e avance nos dereitos laborais, estabilidade do emprego e procesos selectivos.
2. Conciliación laboral, persoal e familiar.
3. Carreira profesional.
4. Xubilación parcial e anticipada.

Recuperación e avance nos dereitos laborais Salarios

Non estamos dispostas a aceptar incrementos retributivos que non garantan o mantemento e incremento do poder adquisitivo. No ano 2018 a suba salarial xa é inferior á suba do IPC. Demandamos:

- Unha cláusula de revisión salarial.
- Un incremento salarial no camiño da recuperación do poder adquisitivo perdido.
- Unha diminución da diferenza salarial entre os postos máis baixos e máis altos.
- A recuperación do complemento salarial do 25% por IT en tódolos casos, sen exclusións, ata chegar ao 100%.



Ofertas de emprego público e procesos selectivos

Na CIG-Autónomica demandamos:

- Eliminar a taxa de reposición.
- A convocatoria de procesos selectivos anuais cun tempo máximo de resolución do proceso (como o modelo do ensino).
- Reducir a temporalidade. A convocatoria xa dos procesos de consolidación e estabilización do persoal laboral. O mantemento do 100% dos postos de traballo como servizos públicos.
- Un proceso de funcionarización voluntario, sen perda económica para a/o traballador/a e coa posibilidade de participar no primeiro concurso que se produza con toda a antigüidade dende o ingreso na administración.

Pola defensa dos teus dereitos, vota CIG!

Conciliación laboral, persoal e familiar e outras medidas de apoio

Na CIG entendemos que temos que loitar por unhas medidas reais de conciliación, que faciliten a vida profesional dos homes e as mulleres en igualdade.

- Adaptación e distribución da xornada sen reducións (de tempo e salario).
- Maior axilidade na concesión das flexibilizacións e reducións de xornada.
- Aumento ata os 14 anos de idade das fillas e fillos, e inclusión da duración do curso escolar no ano que o/a menor cumpra os anos.
- Avance nos dereitos de maternidade e paternidade. Camiñar cara aos 12 meses de baixa intransferibles.
- Garderías e salas de lactación nos edificios administrativos de San Caetano e San Lázaro.
- Recuperación da totalidade do Fondo de Acción Social.
- Acceso igualitario á formación do persoal da Administración en situacións de flexibilidade por conciliación da vida familiar, favorecendo a teleformación fronte á formación presencial.



Carreira profesional



O persoal laboral non somos traballadoras e traballadores de segunda. Por iso a carreira profesional ten que ser para todas e todos, sen exclusión, para o persoal laboral fixo, indefinido e temporal.

Debemos poder comezar a carreira no grao 2 (modelo do SERGAS), é dicir, comezar por valorar a antigüidade cun proceso extraordinario de obtención de grao e un segundo grao de obtención inmediata.

Débese eliminar a diferenza económica tan grande entre os graos dos grupos altos e os baixos, subindo estes últimos.

Cómpre eliminar as subxectividade do proceso avaliador. A súa concesión non debe estar vencellada a factores totalmente subxectivos, como informes do persoal superior xerárquico, e fóra do control sindical.

Xubilación

Logo da reforma das pensións de 2011 atrasouse a idade da xubilación aos 67 anos, agás para quen teña 38 anos e medio cotizados, e ampliouse o período de cálculo da pensión, pasando dos 15 aos 25 derradeiros anos. Tamén se endureceu a xubilación anticipada: hai que ter 63 anos e 33 cotizados e o recorte anual é dun 8% para quen teña menos de 36 anos e medio cotizados. Esta reforma foi agravada no 2013 pola reforma do goberno Rajoy, que adiantou os prazos de execución.

Hai que recordar que a **CIG convocou en solitario unha FOLGA XERAL na Galiza contra a reforma das pensións!**

Neste panorama demandamos:

- Derrogar a reforma das pensións que impide a partir do 31 de decembro deste ano acollerse á xubilación parcial aos 61 anos, xa que remata o período transitorio para a súa aplicación.
- Negociar un novo acordo que posibilite a continuidade do acordo de xubilación parcial actual.
- Xubilación ordinaria aos 65 anos, e voluntaria a partir de ter cotizados 35 anos, reais ou por aplicación dos coeficientes reductores en determinadas profesións.
- O traspaso á Administración galega da competencia de xestión do réxime económico da Seguridade Social prevista no Estatuto de Autonomía.

VOTACIÓNS: Xoves 13 de decembro de 10:00 a 16:00 h. no salón de actos grande do edificio administrativo de San Caetano.

Haberá autobuses co seguinte percorrido: Conxo-Gaiás-Área Central-San Lázaro-San Caetano.

De acordo coa lexislación vixente as/os electoras/es gozarán do tempo indispensable para exercer o seu dereito ao voto.

Pola defensa dos teus dereitos, vota CIG!

Eleccións sindicais 2018/2019

COA CIG SOMOS
MAIS FORTES



loitemos polos
nosos dereitos

Eleccións persoal laboral de Servizos Centrais



CANDIDATURA DE TÉCNICOS E ADMINISTRATIVOS

1. Cristina Terrón Pérez
2. Berta Castaño Torrado
3. Jesús Pérez Balirac
4. Marcos Tesouro Montecelo
5. María Mato Vilar
6. Iván Castro Agra
7. Fuensanta Nieto Martínez
8. José Antonio Domínguez Fontenla
9. Juan Manuel Prosper Pardo
10. Laura Rodríguez Espasandín
11. Alberto Marcial Tomé Nogueira
12. Rosa María Fernández Otero
13. Fernando Rodríguez Espasandín
14. Paula Souto Castro
15. Xosé Ricardo Outeiro López
16. María Elisa López Suárez
17. María Adoración Veiga Álvarez
18. Manuel Jorge Dorrego Taín
19. Concepción Río Rodil
20. Manuel Angel Paz Rey
21. Victoria Eugenia Pérez de la Fuente
22. José Montoya Santos
23. Cristina Ocampo López
24. José Luis Rodríguez Resúa
25. María Dolores Ramos Iglesias
26. Pedro Pintos Martínez
27. Peregrina Blanco Barros
28. Gonzalo González Bernárdez
29. María Luisa Savoini Sierra
30. José Manuel Pesqueira Sánchez
31. María Carmen Abad Guerreiro
32. Braulio González Barros

VOTA CIG

CANDIDATURA DE ESPECIALISTAS

1. Carlos Casal Montero
2. Roberto Varela Gestal
3. José María Calviño Presedo
4. María del Pilar Villar Carril
5. Marcos Otero Ledo
6. María Pilar Viqueira Miranda
7. Arturo Moreira Iglesias
8. María Florinda Vega Caramés
9. José Manuel Cambre Iglesias
10. Modesto Suárez Mouzo
11. María de la Barca Pardo Mosquera
12. Xosé Luis López Collazo
13. María Carmen Castiñeiras Rodríguez
14. Modesto José Rodríguez Lorenzo
15. Angel Manuel Rodríguez Rodríguez



O día 13 de decembro vota CIG!